

CO LA SP O

CANDO TODO CAE, VEN AO TEATRO
23.SET. - 31.OUT.2026

ORGANIZAN:



PATROCINAN:



CANDO TODO CAE, VEN AO TEATRO

A presentación de cada festival é para nós un momento de alegría por compartir co público do FIOT un programa que, como ben saben as fioteiras e os fioteiros, sempre vemos como o mellor da nosa historia, polo de agora... Despois dun ano de asistir a múltiples funcións en espazos diversos, revisar proxectos e planos de implantación, falar con multitude de compañías, intercambiar opinións con diferentes axentes do sector escénico e debater apaixonadamente co equipo sobre cal é a mellor das opcións para que cada persoa se atope co teatro, entramos no outono, con responsabilidade, pero orgullosos da nosa proposta. E tamén tranquilos, porque estamos certos de que o fervente público do festival que sempre enche as butacas, a recibe coa mirada ben aberta e co ánimo preparado para emocionarse, coñecer, imaxinar, pensar, rir e mesmo chorar; coa ilusión do encontro arredor da escena; coa satisfacción de sentir como Carballo volve a latexar co corazón do teatro.

De novo, artellamos un encontro con máis de 40 espectáculos para todos os públicos, en máis de 20 escenarios diferentes que vestirán Carballo co mellor do teatro actual de Galicia, de España, de Portugal; con creadores consolidados, referentes nas artes escénicas e, tamén, cos emerxentes

“ *O mellor da escena actual
43 espectáculos, 8 estreas
absolutas, 9 estreas en Galicia, 2
países, 8 comunidades Autónomas.
+ de 20 actividades paralelas
(e se colle, coproduccións e
residencias artísticas)*

ou cos máis arriscados; con formatos grandes e máis íntimos; con estreas absolutas e en Galicia, coproducións e residencias artísticas; con teatro de texto, de actor, sen palabras, musical, teatro de obxectos, cabaré, clown, teatro documento, inmersivo, participativo, contemporáneo, narración, improvisación, comedia xestual, monólogos, circo contemporáneo, teatro físico, inclusivo, social, comunitario, de máscaras, multidisciplinar, performance, conferencia performativa, autoficción, microcine, música... e, como non, un chisco de maxia, de poesía, de tecnoloxía e de danza. Se botan algo en falta, intentáremolo para a vindeira edición.

Nesta diversidade que buscamos para que o FIOT sexa o territorio de todas e todos, atopamos unha coincidencia entre os creadores en poñer sobre as táboas e reflexionar sobre unha realidade ou unha percepción que nos parece xeneralizada

“ *Caos, oportunidade, latido, arte,
perspectiva, soño, ousadía...
todos estes conceptos caben no
noso programa. Esperamos lograr
que cada espectáculo sexa unha
experiencia irrepetible*

na sociedade: os cambios que semellan afectar ao máis fondo do sistema económico, social e ambiental, os conflitos bélicos ou nas relacións persoais, as incertezas e o ruído que nos afogan ou a fraxilidade dunha sociedade cada vez máis líquida alimentan a impresión de que as estruturas que nos rodean tremen e están a perder o equilibrio. Con COLAPSO queremos sintetizar ese sentimento colectivo e damos nome a este FIOT 2026. Mais queremos poñer o foco no carácter dinámico, de transformación e oportunidade para a reinvenção e no papel que as artes escénicas poden xogar nesta encrucillada, como xeradoras de cuestionamento, de reflexión colectiva, de imaxinación, de impulso para o cambio. E, tamén, no que xogan para o encontro, e o gozo, como refuxio. Caos, oportunidade, latido, arte, perspectiva, soño, ousadía... todos estes conceptos caben no noso programa. Esperamos lograr que cada espectáculo sexa unha experiencia irrepetible.

“ *Chegar ao 35 Outono de Teatro
tamén nos leva a botar a mirada
moi atrás. Trinta e cinco anos de
traxectoria son o testemuño dun
legado vivo que forma parte da
identidade de Carballo e que nos
proxecta cara ao exterior*



Chegar ao 35 Outono de Teatro tamén nos leva a botar a mirada moi atrás. Trinta e cinco anos de traxectoria son o testemuño dun legado vivo que forma parte da identidade de Carballo e que nos proxecta cara ao exterior. Moitísimas sodes as persoas que formades parte desde o seu inicio desta comunidade, deste proxecto de resistencia cultural. Moitas grazas. Os momentos e o percorrido vividos coas espectadoras e espectadores, co voluntariado, con compañeiros como Antonio Porteiro a quen estamos felices de nomear Xograr de Outono, coas moitas entidades que colaboran e con todas as institucións que nos apoian son, sen dúbida, os azos que impulsan ao festival. Cada vez máis, precisamos ese compromiso compartido e esa complicidade para que o FIOT siga levedando e medrando.

Que se erga o pano. Benvidos e benvidas á 35ª edición do FIOT!

PROGRAMA DE SALA

CANDO TODO CAE,
VEN AO TEATRO

SÁBADO 3 OUT - 20.00 H

Chévere (Galicia)

ICTUS (anatomía de "A derradeira leición" de Castelao)



15 € | 112 MIN | PÚBLICO ADULTO (+12 ANOS)

Que sucede cando a memoria comeza a esvaecerse? A partir de *A derradeira leición do mestre* o emblemático cadro de Castelao, Chévere constrúe unha peza de teatro documental que explora a relación entre a memoria persoal e a memoria colectiva. A historia dunha muller que intenta reconstruír os recordos perdidos tras sufrir un ictus convértese nunha viaxe cara a un pasado cheo de preguntas sobre o esquecemento, a identidade e a nosa historia recente.

Documento e ficción, testemuño e teatro entrelázanse para lembrar que unha sociedade que esquece corre o risco de perder tamén parte de si mesma se non supera os seus traumas.



Medidas de accesibilidade:
lingua de signos en escena,
audiodescripción en directo.

Premio Nacional de Teatro en 2014, Chévere leva décadas desenvolvendo unha linguaxe escénica propia na que dialogan investigación, creación contemporánea e compromiso social.

“Como se constrúen - e como se disputan- as narrativas da memoria?”

Interpretación: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Borja Fernández, Gema Santos, Marcos Pereira
Vestuario: Uxía P. Vaello. Espazo sonoro: Xacobe Martínez Antelo. Deseño de son e iluminación: Fidel Vázquez. Deseño 3D: Xabier Vilas. Adaptación a LSE: Carla Méndez. Asesoramento para persoas cegas: Paula Varela. Escenografía, idea e creación: Chévere. Dramaturxia e dirección: Xron

* COPRODUCCIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL

VENRES 9 OUT - 21.00 H

Companhia do Chapitô (Portugal)

Odisea



12 € | 80 MIN | PÚBLICO ADULTO (+12 ANOS)

Todo comeza nesa familia disfuncional que habita o Olimpo. Veñan descubrir as aventuras, os naufraxios e os malentendidos divinos que converteron a Odiseo no heroe máis canso da mitoloxía grega. Unha historia de astucia, teimosía e resistencia, cun final que ata o propio Tiresias gozaría desvelando. Prepárense para presenciar ao noso heroe enfrontándose a monstros e deuses de mal xenio.

Nesta versión artesanal da *Odisea* a Companhia do Chapitô, un dos referentes do teatro portugués, desmonta a épica viaxe, mesturando xogo teatral con comedia de equívocos, mitoloxía e disparates.

“*Odiseo foi un xenio da estratexia ou simplemente un espelido con tendencia a meterse en leas?*”

Interpretación: Jorge Cruz, Pedro Diogo e Pedro da Silva
Vestuario: Glória Mendes
Música e deseño de son: Rui Rebelo
Deseño de iluminación: José C. García
Autoría: Homero
Tradución e adaptación: Companhia do Chapitô
Dirección: José C. García
Creación colectiva da Companhia do Chapitô

SÁBADO 10 OUT - 20.00 H

Producciones Teatrales Contemporáneas

(Comunidade de Madrid)

Las gratitudes

* ESTREA EN GALICIA



15 € | 90 MIN | PÚBLICO ADULTO

Unha muller maior ve como a afasia vai apagando lentamente a súa voz, a súa ferramenta máis prezada. Marie sente unha dor profunda polo seu internamento nunha clínica, onde un logopeda traballará incansablemente con ela. A través dos vínculos entre Michka, Marie e Jérôme, a obra reflexiona con delicadeza sobre a vellez e a necesidade de expresar gratitude antes de que o tempo ou o esquecemento xa non nolo permitan.

Las gratitudes parte da aclamada novela de Delphine de Vigan para construír unha historia tenra e con humor sobre a memoria, os coidados e esas palabras que ás veces deixamos sen dicir.

Juan Carlos Fisher é o exitoso director peruano que conduce a obra, protagonizada por Gloria Muñoz, unha das figuras máis respectadas da escena española.

“*Hoxe morreu unha anciá que eu quería. Moitas veces pensaba: “Débolle tanto”*”

Interpretación: Gloria Muñoz, Macarena Sanz e Romulo Assereto. Vestuario e escenografía: Juan Sebastián Domínguez. Deseño iluminación: Ion Aníbal López (A.A.I.). Música e espazo sonoro: Luis Miguel Cobo. Autoría: Delphine de Vigan. Tradución: Pablo Martín Sánchez. Adaptación: Marta Betoldi. Dirección: Juan Carlos Fisher

Teatro del Barrio (Comunidade de Madrid)

Libres!!!

* ESTREA EN GALICIA



15 € | 90 MIN | PÚBLICO ADULTO

Mujeres Libres foi unha organización anarcosindicalista que fixo tremar os cimentos da sociedade en tempos da Guerra española do 36, defendendo a emancipación feminina, o antifascismo e a revolución social.

Neste tempo saturado de narrativas de colapso e distopía, a galega Esther Carrodegas reivindica a potencia da utopía alegre a través dun cabaret anarcosicalíptico, cheo de humor corrosivo, música e cancións, traendo ao presente a esas mulleres ousadas e rebeldes que, en pleno caos bélico e patriarcal, desafiaron as normas e comprometéronse coa liberdade e a igualdade desde a alegría.

Alba Flores encabeza o reparto desta vitalista proposta dirixida polo prestixioso Andrés Lima que racha co colapso da imaxinación política no que nos atopamos.

“*Que queda hoxe daquela rebeldía, daquela alegría de vivir e daquela vontade de cambiar o mundo?*”

Interpretación: Alba Flores, Laura Galán, Nülli García e Eva Valdelomar. **Escenografía e vestuario:** Beatriz San Juan. **Composición musical e espazo sonoro:** Jaume Manresa. **Deseño iluminación:** Pedro Yagüe. **Dirección musical:** Pepe Alacid. **Autoría:** Esther F. Carrodegas. **Dirección:** Andrés Lima

PRODUCCIÓN:



Mofa e Befá (Galicia)

A arte da guerra

> FIOTEEEN

Preestrea co alumnado de secundaria, 22 de outubro

* ESTREA ABSOLUTA
* COPRODUCCIÓN FIOT

Reis, xenerais, concubinas, espías, magnates, adestradores de fútbol, avogadas matrimoniais e outras xentes complicadas en singulares conflitos humanos conforman un retablo urxente dun mundo en colisión no que rexurde o belicismo, e protagonizan unha saborosa sátira da nosa época.

Se todo é unha guerra... mellor tomala con humor. Inspirándose no lendario tratado de Sun Zi, *A arte da guerra* transforma a sabedoría militar chinesa nesta farsa feroz e irreverente sobre un mundo atravesado polo poder, o engano e os conflitos de toda condición.

Volve a mítica compañía Mofa e Befá fiel ao seu particular «perralleirismo» e á súa capacidade para facer da ironía e da gargallada as súas mellores armas. Porque, se hai un inimigo ao que derrotar, téñeno claro: o aburrimiento.

> Ao inicio da función celebrárase o acto de entrega do Xograr de Outono 2026 a **Antonio Porteiro**



12 € | 90 MIN | PÚBLICO ADULTO (+12 ANOS)

“*Un espectáculo rápido coma o vento, silencioso coma unha fraga, feroz coma o fogo e inmóbil coma unha montaña*”

Interpretación: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Josito Porto. **Espazo escénico:** Marcelino de Santiago “Kukas”. **Espazo lumínico:** Octavio Mas. **Dramaturxia e dirección:** Carlos Santiago

Pecado de Hybris (Comunidade de Madrid)

Vendrán los alienígenas y tendrán tus ojos

* ESTREA EN GALICIA



12 € | 90 MIN | PÚBLICO ADULTO

Unha muller chega á metade da vida apática e descreída. A irrupción dun novo amor será só comparable cunha aterraxe dun OVNI, cun contacto cun alien. Un acontecemento sobrenatural capaz de devolvela ao pensamento máxico e facela volver crer nas grandes utopías.

Desde o humor, e a medio camiño entre a autoficción e a ciencia ficción, a obra reflexiona sobre o amor nunha sociedade marcada polo individualismo e pola procura de afectos sen riscos. Amar convértese nunha aventura cara ao descoñecido, capaz de alterar a nosa maneira de mirar o mundo.

Velasco, Premio Nacional de Literatura Dramática 2024 e unha das grandes dramaturgas da escena contemporánea, é a autora desta proposta que integra teatro,

música en directo, danza e audiovisuais, cunha poderosa factura visual. O acontecemento teatral da tempada.

“Non son do espazo exterior. Non teñen por que. Sempre estiveron aquí”. John A. Keel

Interpretación: Marciel Álvarez y Carlos Beluga
Coreografía: Josefina Gorostiza
Audiovisuales y multimedia: Albert Coma
Escenografía: Jose Novoa
Espazo sonoro: Tagore González
Diseño iluminación: Pilar Valdevira
Autoría e dirección: María Velasco

* COPRODUCCIÓN CON NAVE 10 MATADERO

Titzina (Cataluña)

Disección de la bondad en tres actos

* ESTREA EN GALICIA

Nesta obra, hai un mago e o seu axudante que empregan todos os métodos ridiculamente inimaxinables para cobrar a pensión dunha nai falecida. Un agricultor que manipula a súa memoria para cobrar unha indemnización millonaria. Un defraudador encantador con mil identidades que saquea ao seu contorno máis próximo. Unha farsa en tres actos sobre a cambiante natureza da verdade.

A prestixiosa compañía Titzina inicia no FIOT a xira do seu último espectáculo, que na edición 34 do festival tivemos o privilexio de coñecer nunha lectura dramatizada a cargo de Diego Lorca e Pako Merino.

Fieis ao seu inconfundible estilo, mergúllanse na realidade a través dun exhaustivo proceso de investigación para acompañarnos nunha viaxe poética e irónica ao máis profundo do ser humano, neste caso, cuestionando os límites entre a memoria, a identidade, a mentira e a verdade.

Realidade e ficción confúndense neste xogo escénico compartido co público que deixa máis preguntas que respostas.



12 € | 80 MIN | PÚBLICO ADULTO (+16 AÑOS)

“Cales son os límites entre a verdade, a memoria, a identidade e a mentira?”

Creación, dirección e interpretación: Diego Lorca e Pako Merino
Vestuario: Sergi Cerdán
Escenografía: Luis Crespo
Diseño iluminación: Jordi Thomàs
Música e espazo sonoro: Arnau Obiols
Dramaturxia: Diego Lorca



Interpretación
en lingua de
signos

SÁBADO 31 OUT - 20.00 H

Rafael Álvarez, El Brujo (Comunidade de Madrid)

La segunda venida de Cristo o el yoga de Jesús * ESTREA EN GALICIA



15 € | 100 MIN | PÚBLICO ADULTO

Poucos actores son capaces de converter un escenario baleiro nun universo enteiro. Rafael Álvarez, El Brujo, presenta un enxeñoso monólogo no que humor, palabra, xesto, improvisación e reflexión se dan a man para revisitar a figura de Xesús desde unha perspectiva pouco habitual.

O espectáculo propón un diálogo entre os evanxeos, a filosofía oriental e a tradición do ioga, explorando as grandes preguntas sobre a conciencia, a espiritualidade e a condición humana. Quizais sexa o seu espectáculo máis arriscado.

El Brujo bebe da tradición dos antigos xograres e da influencia de Dario Fo para construír unha proposta tan profunda como divertida, na que a música en directo completa a experiencia teatral e onde a

palabra, o humor e a emoción dialogan con naturalidade.

“ Nun momento necesitado de inspiración, esta é unha arriscada aposta por combinar o desexo de coñecemento profundo da alma co ritmo, a risa e o sentimento lúdico da festa do teatro ”

Interpretación e creación: Rafael Álvarez, El Brujo
Composición musical e música en directo: Javier Alejano
Vestuario: Gergonia Moustellier
Escenografía: Equipo Escenográfico PEB
Diseño iluminación: Miguel Ángel Camacho
Dirección: Rafael Álvarez

Sube ao OTNI!

*Ao máis exclusivo do FIOT,
ao máis vivo,
ao alternativo
ao creativo,
ao humor intelixente,
á innovación,
ao máis auténtico...
ao EXCEPCIONAL!
Atrévete!*

OTNI

CANDO TODO CAE,
VEN AO TEATRO

XOVES 1 OUT - 21.00 H

Carlota e Compañía (Galicia)

Ninguén tira fotos nos enterros



5 € | 55 MIN | PÚBLICO ADULTO (+12 ANOS)

Un feito sorprendente, unha voda e un enterro celebrados o mesmo día, é o punto de partida dunha historia sobre a morte desde a mirada da infancia. Esta autoficción vai recreando as fotografías que unha nena de 11 anos tirou ese propio día.

Con tenrura, humor, técnicas de fotografía ao vivo e efectos analóxicos, a obra crea un universo do que todos os espectadores formarán parte e que transita entre a memoria da infancia, a perda, a despedida e a necesidade de conservar aquilo que o tempo ameaza con borrar.

Hai lembranzas que permanecen para sempre, mesmo cando non quedaron retratadas.

O FIOT está feliz de ofrecer a versión en gran formato desta obra que tivemos a ocasión de ver nacer en 2023 no ciclo M², e

que os espectadores premiaron coa mellor interpretación. É o debut da compañía de recente creación encabezada por Carlota Mosquera.

“*Pódoche facer unha pregunta? Ti que idade tiñas cando soubeches que a xente podía morrer?*”

Interpretación: Carlota Mosquera e Sol Álvarez
Vestuario: Neme Vázquez
Iluminación: Neicherman
Escenografía: Juan Ares
Rexistro visual: Sabela Eiriz
Fotografía en vivo e deseño: Sol Álvarez
Dirección de movemento: Marta Alonso Tejada e Onda Reboleiro
Dramaturxia e dirección: Carlota Mosquera

* PREMIO Á MELLOR INTERPRETACIÓN NO CERTAME M² FIOT 2023

DOMINGO 11 OUT - 20.00 H

almealera (Castela e León)

Yo nací en un surco de judías



5 € | 70 MIN | PÚBLICO ADULTO (+12 ANOS)

Unha localizadora de cine que se namorou dun val de Lugo e se fixo labrega; unha nena que fai a transhumancia na serra de Ávila; unha neorrural pacense desesperada cun inspector ou unha neta de campesiños que recupera uns bancais. Historias que nos achegan á vida de quen produce os alimentos que chegan ás nosas mesas.

Por que cada vez menos xente quere traballar na agricultura e na gandería? Esta pregunta levou a Laura Santos a percorrer 3.600 quilómetros para escoitar a traballadoras do rural e transformar os seus testemuños nunha peza de teatro documental sobre a terra, a memoria e o futuro. Un universo poético que nos convida a reflexionar sobre a necesidade de preservar un mundol cada vez máis ameazado.

O espectáculo de almealera nace do proxecto científico FARM, do CSIC, que investiga a

falta de relevo xeracional e a súa relación co despoboamento, a masculinización do sector e a sostibilidade. Unha proposta de teatro para a transformación social recoñecida co Premio FETEN 2026 ao mellor espectáculo.

“*E ti, que tipo de antepasado queres ser?*”

Interpretación: Patricia Arroyo, Belén de Santiago e Laura Santos. Vestuario: Sofía Nieto Carmen17. Ilustracións: Marina Speer. Fotos e vídeo: Paula Maceiras. Escenografía: Sofía Nieto Carmen17, Laura Santos e Alfonso Reverón Supermanitas. Ambiente sonoro: Raúl Ruano. Deseño técnico: Patricia Arroyo. Asesoría científica: Petra Benyei e Daniel Iglesias (Proxecto FARM). Mirada externa: Andrea Díaz-Reboredo e Luis Sorolla. Autoría, dramaturxia e dirección: Laura Santos

* COPRODUCCIÓN CO CSIC, FUNDACIÓN “LA CAIXA”, AYUNTAMIENTO DE MADRID

XOVES 15 OUT - 20.00 H

Álvaro Corral Cid (Galicia)

Asoballada por fentos

* WORK IN PROGRESS
* RESIDENCIAS PARAÍSO 2026



ACCESO GRATUITO | 30 MIN | PÚBLICO ADULTO

Entre concerto e conferencia performativa, este estudo simbiótico entre arquivo e performance conta co acompañamento musical de Gabi Reboredo e convidanos a ler con outros ollos os materiais da nosa memoria folclórica, os arquetipos e a instrumentalización da identidade das músicas, as danzas e o folclore levadas a cabo durante o réxime franquista e a súa proxección sobre os modos contemporáneos de reproducir culturas enxebres.

Esta é a primeira mostra do traballo en proceso do proxecto do artista e investigador Álvaro Corral, froito da residencia de creación realizada no Pazo da Cultura durante o pasado verán, coa colaboración da Concellaría de Cultura a través do Programa de Residencias Paraíso 2026 promovido polo Colectivo RPM.

Os estudos e prácticas artísticas de Álvaro Corral propoñen novos puntos de vista desde os que repensar os marcos de pensamento oficiais e como as prácticas tradicionais galegas, en particular, se poden reactivar como ferramentas críticas, poéticas e disidentes. Os seus traballos formaron parte de importantes centros de arte.

“Entre muiñeiras, bordados, noticiarios cinematográficos e ditadura

Deseño musical, produción e acompañamento:
Gabi Reboredo
Coordinación, deseño visual, guión e produción:
Álvaro Corral Cid

RPM
RESIDENCIAS
ARTÍSTICAS
E PROXECTOS
MAGNÉTICOS

VENRES 16 OUT - 21.00 H

PSiRC (Cataluña)

Cosas pequeñas

* ESTREA EN GALICIA



5 € | 45 MIN | PÚBLICO ADULTO (+12 AÑOS)

No silencio opresivo dun soto cheo de pantallas e cámaras ocultas, un home de corenta e tantos anos, cámara fracasado e malabarista líquido, vixila o mundo a través das súas lentes dixitais e analóxicas. Ante o avance imparabile das máquinas e o poder dos algoritmos, propón unha reinvencción e unha nova mirada.

Mentres as máquinas aprenden a pensar, que nos fai verdadeiramente humanos? Esa é a pregunta desta proposta multidisciplinar na que circo contemporáneo, teatro, teatro de obxectos, microcine e poesía visual conflúen nun universo tan delicado como inqueda.

A compañía PSiRC ten unha sólida e premiada traxectoria no circo contemporáneo, e conta con amplas xiras por Europa e América. Explora unha linguaxe escénica propia baseada no humor delicado, o movemento e a experimentación visual para construír unha experiencia íntima e evocadora.

“A súa voz é un murmurio entre algoritmos, un discurso de boomer perdido na era dos memes

Interpretación: Adrià Montaña
Mirada externa: Chiara Marchese, Edouard Peurichard, Quim Girón
Dramaturxia e autoría: Adrià Montaña

C
CIRCO
A ESCENA

Red
CIRCO

MINISTERIO
DE CULTURA
DIRECCIÓN GENERAL
DE ARTES ESCÉNICAS Y MUSICA

DOMINGO 18 OUT - 20.00 H

La Rueda Teatro Social (Comunidade de Madrid)

Doce metros cuadrados de piel (Seis miradas diversas sobre sexualidad)

* ESTREA
EN GALICIA



“A pel pódese acariciar, morder e tamén ler, coma un álbum de fotos que conserva un pasado cheo de triunfos e derrotas, desexos e resistencias

5 € | 80 MIN | PÚBLICO ADULTO (+12 ANOS)

A pel humana está feita de poros e engurras; de recordos, praceres e cicatrices. No escenario, seis persoas —tres novas e tres maiores— exploran doce metros cadrados de pel compartindo as súas historias, o seu humor e a súa sexualidade. Como cambian o desexo, o pracer e a identidade co paso das décadas?

Unha proposta poética, de autoficción e documental sobre como amamos e habitamos os nosos corpos, e sobre as preguntas, medos e desexos que, por riba das diferenzas, atravesan todas as idades.

La Rueda Teatro Social leva máis de quince anos empregando o teatro como ferramenta de transformación social e participación cidadá.

OBRA DOIRO: O espectáculo é froito do proxecto de creación interxeracional sobre sexualidade *Morderse la lengua*, ao que se

incorporará un grupo de persoas mozas e maiores de Carballo a través dun obradoiro coa compañía nos días previos á función, convertendo esta representación nunha experiencia viva e irrepitible.

Interpretación: Antonella Pinto, Pepe Blanes, Ana Martín, Antonio Martín, Noah López, Vanessa Abade e a colaboración dos participantes do obradoiro *Morderse la lengua*. Asesoría de movemento: Jorge Silvestre. Escenografía, vestuario: Vanessa Actif. Espazo sonoro: Pilar Onares. Deseño iluminación: Carlos Marcos. Dirección técnica: Jorge Silvestre. Creación: colectiva. Dramaturxia e dirección: Fernando Gallego e Laura Presa

* FINANCIACIÓN: AXUDAS A PROXECTOS CULTURAIS CON ESPECIAL IMPACTO SOCIAL 2025 DO MINISTERIO DE CULTURA. Colaboran: Departamento de Pedagogía da Universidade de Valladolid, Sexología Kairós S.COOP e Creo Común Facilitando el Cambio.

DOMINGO 25 OUT - 20.00 H

Olalla Hernández (Andalucía)

Solo quería bailar

* ESTREA EN GALICIA

Pili só quería bailar. Pero hai vidas ás que o sistema parece empeñado en pecharlles todas as portas. A partir da premiada novela de Greta García, convértese nunha traxicomedia sevillana punk. Un monólogo de enorme forza no que humor, palabra e danza se mesturan para dar voz a unha muller que, desde a súa cela, reconstrúe o camiño que a levou ata alí.

Con retrans, rabia e unha fonda humanidade, *Solo quería bailar* transforma a historia dunha bailarina nun acto kamikaze de amor; nun retrato da precariedade, da burocracia, das estruturas que exclúen e da necesidade de sentirse querida. Unha proposta intensa e irreverente que reivindica o dereito a ocupar un lugar no mundo, mesmo cando todo parece impedilo.

Alberto Velasco, un dos referentes da escena contemporánea, dirixe esta proposta vibrante interpretada pola poderosa Olalla Hernández, na que a arte é un sono frustrado pero tamén motor de resistencia.



Interpretación
en lingua de
signos



5 € | 75 MIN | PÚBLICO ADULTO (+16 ANOS)

“Como acaba unha bailarina cumprindo trinta anos de cárcere por un acto terrorista?”

Interpretación: Olalla Hernández. Coreografía: Alberto Velasco. Vestuario: Noelia Lebrato. Espazo sonoro: Carlos Gorbe. Deseño iluminación: Manuel Tejera y Alberto Velasco. Autoría: Greta García. Dramaturxia e adaptación: Sergio Martínez Vila. Dirección e escenografía: Alberto Velasco

FIOT EN RUTA

CANDO TODO CAE,
VEN AO TEATRO

DOMINGO 11 OUT - 12.00 H

L'Om Imprebís, Micomicón Teatro, Teatro Corsario e Teatro del Temple

(Comunidade Valenciana, Comunidade de Madrid,
Castela e León e Aragón)

Vidas enterradas

 **Bértoa, contorna
do cemiterio**

En caso de choiva, informarase
de nova ubicación



“A terra agocha esas
palabras caladas, parece
que estea muda. Pero se
a abres, podes oír”

5 € | 80 MIN | PÚBLICO ADULTO (+12 ANOS)

Fotografías, cartas, cadernos ou recordos compartidos poden devolverlle o nome a quen a historia quixo borrar. Este conmovedor espectáculo rescata a vida e a morte de persoas asasinadas durante a Guerra Civil e o Franquismo. Os recordos seguen vivos nos seus fillos, veciños ou compañeiros, e son eles quen rompen o silencio para rescatar esas historias silenciadas.

A partir dunha premiada serie radiofónica, seis importantes dramaturgos e catro compañías de referencia na escena española que xa pasaron polo FIOT, únense para levar á escena este impactante exercicio de teatro

documental construído cun caleidoscopio de relatos e monólogos, que compón un profundo mapa emocional sobre un silencio que comeza a romper.

Interpretación: Mariano Anós, Edu Borja, Carles Montoliu / Paco Gisbert, Rosa Lasierra / María José Moreno, Mateo Rubistein / Pilar San José. **Vestuario:** Ana Sanagustín, Elena Sánchez Canales e M^a José Prieto. **Autoría:** a partir do serial radiofónico *Vidas Enterradas* de Javier del Pino, Conchi Cejudo e Gervasio Sánchez para a Cadena Ser. **Dramaturxia:** Mafalda Bellido, Juan Mayorga, Juan José Millás, Alfonso Plou, Laila Ripoll e Pepe Viyuela. **Dirección:** Mariano Llorente, Carlos Martín, Jesús Peña e Santiago Sánchez

Inda Pereda (Cataluña)

Lubbert



Centro Social
de Cances

Lubbert Dash é o primeiro bosquexo dun ser humano na Terra. Vén coñecelo. A el encántalle explorar mundos imaxinarios no seu xardín.

Inspirada na enigmática pintura *O xardín das delicias* de El Bosco, Lubbert Dash é un personaxe tan inocente como disparatado que convida ao público a mergullarse nun universo de situacións absurdas, imaxes surrealistas e criaturas grotescas.

Clown, mimo, teatro físico e humor bufonesco mestúranse nun espectáculo visual delirante que, entre gargalladas, nos fai mirar ao medio ambiente que maltratamos ou ás paixóns, enfrontándonos ás nosas contradicións como humanos.

Inda Pereda é un creador cunha linguaxe propia e contemporánea, especializado en teatro físico e comedia xestual. Este é o seu segundo espectáculo, estreado no London Clown Festival en 2018, e vén avalado por unha longa xira por Europa e América.



5 € | 60 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

“*Antes de que Adán e Eva pisasen o Xardín do Edén, Deus tiña un plan...*”

Autoría, dirección e interpretación: Inda Pereda
Vestuario: Alba Gabarró. Deseño de iluminación:
Meritxell Pérez. Mirada externa: Flavia Bertram,
Margherita Franceschi e Mariana Tucci.
Coreografía: Laura Obiols

Isabel Risco (Galicia)

As aventuras de Nabiza Girl: O estraño caso da cultura mingunte



Centro Social
de Verdillo

A superheroína galega regresa acompañada do seu inseparable Don Galizo para enfrontarse a unha nova misión: salvar a cultura.

Nesta odisea, Isabel Risco e Alberte Bello mergúllannos nunha sucesión de situacións disparatadas nas que se servirán do humor, da retransca e da sátira para reivindicar o feminismo, a lingua ou o noso medio.

Unha comedia valente, irreverente e chea de gargalladas que confirma o regreso dunha das heroínas máis singulares e queridas do teatro en Galicia.

Actriz, clown e creadora, Isabel Risco é unha das figuras máis recoñecibles do humor galego, cunha ampla traxectoria no teatro e na televisión.



5 € | 70 MIN | PÚBLICO ADULTO (+12 ANOS)

“*Pensabades que Nabiza Girl morrera, pero estaba de parranda!*”

Interpretación: Isabel Risco, Alberte Bello
Dirección: Fran Rei

TEATRO DE RÚA

CANDO TODO CAE,
VEN AO TEATRO

VENRES 25 SET - 19.30 H

Spinish Circo (Comunidade Valenciana) *Fins al Cel (Ata o ceo)*

Praza do Concello

En caso de choiva trasladarase ao
2º andar do Mercado Municipal



50 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Ás veces hai que saltar para descubrir ata onde somos capaces de chegar. Nesta historia non se camiña: saltas, voas e confías.

Fins al Cel constrúe unha viaxe entre a realidade e a fantasía na que o circo contemporáneo se converte nunha metáfora dos camiños que percorremos ao longo da vida, dos encontros que nos transforman e da confianza que depositamos nas demais persoas.

Con sete artistas en escena e música en directo, Spinish Circo combina barra rusa, banquetas, portés colectivos e impresionantes acrobacias nun espectáculo de gran formato e forza visual que fai da

cooperación e do risco compartido o seu principal motor.

A compañía valenciana aposta pola fusión entre circo, teatro e música para crear linguaxes escénicas innovadoras, consolidándose como un dos proxectos emerxentes máis destacados do circo contemporáneo. Unha proposta poética e emocionante que convida a mirar cara arriba... e tamén cara a dentro.

Intérpretes: Cira Cabases, Naikel Blázquez, Víctor Segarra, Edu Martínez, Cristóbal Sandoval, Elena Ayala e Gilberto Aubán. **Vestuario:** Flor Dince e José María Adame. **Escenografía:** Reyes del Mambo. **Dirección musical e música:** Gilberto Aubán, Gilbertástico. **Coreografía:** Roseta Plasencia. **Dirección:** Pau Portabella



EN COLABORACIÓN COA NOITE EUROPEA
DAS INVESTIGADORAS E INVESTIGADORES



Financiado por
la Unión Europea

Sue Moreno (Galicia)

5.0

Unha diva que se achega aos 50, un corpo que manifesta o paso do tempo e unha pregunta flotando no aire... Canto tempo máis pode ser trapecista?

A artista aérea, actriz e creadora do espectáculo acudirá ao máis alto, desde os aéreos de circo, aos equilibrios máis delicados, á danza, ao ímpeto dunha batería ou á forza do flamenco para falar de cambios, de transformación, de envellecemento... Circo, música, baile, amor e humor.

Sue Moreno leva máis de dúas décadas explorando a fusión das artes escénicas e fai da súa propia experiencia o punto de partida dunha proposta tan íntima como universal que reivindica a madurez.

“*Nunca é tarde para desafiar a gravidade*”

Praza da Cruz Vermella

En caso de choiva, informarase de nova ubicación



50 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Creación e interpretación: Sue Moreno
Vestuario e escenografía: Sue Moreno
Música orixinal: Manuel Fonte
Dirección: Gonçalo Guerreiro

Zirko Txosko (Galicia)

Tavole

Praza do Concello

En caso de choiva trasladarase ao 2º andar do Mercado Municipal



50 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Nunha mesa xogamos, traballamos, discutimos ou deixamos pasar o tempo. Que ocorre cando todo empeza a descontrolarse? Desde este lugar cotián que transforman nun xogo disparatado, dous personaxes curiosos e apaixonados enfróntanse á realidade do bullying, da rivalidade, dos egos ou das guerras. O absurdo da vida cotiá transfórmase en risas mesturando fantasía con acrobacias, maxia, aéreos, obxectos, humor e moitas, moitísimas mesas.

Unha arriscada aventura con ritmo vertixinoso, complicidade e gargalladas para descubrir que é necesario parar un intre para respectarnos e entendernos.

Este recién estreado espectáculo é o quinto desta compañía galego-vasca recoñecida a nivel estatal e que combina técnicas circenses como o clown, os portés ou o slapstick co humor para todos os públicos. E, por suposto, cos aéreos, porque o que máis lles gusta é voar polos aires!

“*...este mundo está cada vez máis tolo...*”

Elenco: Ariñe Azkue e Óscar Páez
Vestuario: Estudio 14
Escenografía: José Luis Canete
Música: Unai Laso
Dirección: Aritza Rodríguez

VENRES 9 OUT - 19.30 H

Nacho Flores (Cataluña)

Domte

Parque do Anllóns

En caso de choiva, informarase
de nova ubicación



45 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Quen doma a quen? Esa é a pregunta que atravesará esta creación de circo contemporáneo.

Con troncos e táboas váise construíndo pouco a pouco un enorme ser en equilibrio, unha escultura viva que desafia a física e a mirada do público.

Inspirada nun imaxinario mitolóxico, asistimos á viaxe de transformación do seu protagonista, obsesionado con controlar todo o que está ao seu redor, pero que acaba descubrindo que a verdadeira forza nace do equilibrio compartido. Con música ao vivo e coa colaboración do público no movemento das estruturas que dan vida ao espectáculo, Domte cabalga facendo equilibrios entre minotauros e cabalos de Troia, desde a quimera ata a liberdade máis delirante.

Creada e interpretada por Nacho Flores, a obra afonda na singular linguaxe da compañía, que combina escultura, equilibrio,

teatro físico e circo contemporáneo para crear imaxes de gran forza.

É unha peza hipnótica, poética, visual e cómica, tan delicada como espectacular, que celebra a colaboración colectiva fronte á dominación individual.

**“Doy la cara al enemigo,
la espalda al buen comentario,
porque el que acepta un halago
empieza a ser dominado,
El hombre le hace caricias al caballo,
pa’ montarlo”.**
Facundo Cabral

Intérpretes: Nacho Flores, Céline Vitrolles / Roc Sala
Vestuario: Maite Martín . **Construción de escenografía:**
Uli Weigel, Jeremías Fanjul e Jaume Valls. **Espazo sonoro:** Roc Sala e Céline Vitrolles . **Autoría:** Nacho Flores. **irección:** Gary Shochat e Nacho Flores

RÚA DOS CONTOS

PALABRA EN LIBERDADE

Da comedia irreverente á improvisación pura.

Das historias vivas, aos relatos da memoria colectiva e á crítica social máis afiada.

Da retransmisión á nova era das redes sociais.

Pide algo e déixate levar polo inesperado.

Rir e escoitar xuntos é o mellor inicio do FIOT.



18.00 H - Residencia de Maiores de Carballo

Fran Rei (Galicia)
Hamelin

Ratos! Ratos! Ratos! Hamelin está cheo de ratos! E se o conto non foi como nolo contaron? Todos os nenos e nenas seguiron ao frautista? Unha nena non sucumbiu ante a música e logrou salvar os rapaces. E sabedes que facía tan especial a esta nena?

Narración oral, maxia, humor e unhas faíscas de lingua de signos. Unha revisión da popular lenda para pór en valor a diversidade e a integración que demostra que, ás veces, abonda con mirar o mundo doutro xeito para cambialo.

Esta actuación, adaptada para o FIOT, é un convite especial do festival para os usuarios dos centros de maiores de Carballo e da asociación AFABER.

2 € | PÚBLICO FAMILIAR

Elenco: Fran Rei. Asesora de LSE: Ruth Lovera. Vestuario: Bety Busto. Música orixinal: Olivier Cano e Ramón Raíndo. Idea orixinal: Avelino González. Dramaturxia: Avelino González, Fran Rei e Carmen Conde. Dirección: Carmen Conde



21.00 H - Mesón do Pulpo

Josito Porto (Galicia)
Laretadas

Hai quen conta contos. A Josito gústalle laretar: divagar, esbardallar, defender con absoluta convicción teorías das que nin el mesmo está demasiado seguro. Falar coma se soubese, pero sen ter nin idea. Así son as súas *Laretadas* un espectáculo no que o importante non é chegar ao final. Está claro como empeza, pero ninguén adiviña como pode rematar.

Humor, improvisación e unha retransa afiada sen corsés. Unha ollada persoal que converte cada función nunha experiencia única e imprevisible.

5 € | PÚBLICO ADULTO (+14 ANOS)

Autoría: Rubén G. Pedrero e Josito Porto
Deseño iluminación: Pepe Quintela
Interpretación, deseño son, música e dirección: Josito Porto
Elenco artístico: Josito Porto

Carles Sans (Cataluña) *¡Por fin me voy!*

AUDITORIO
PAZO DA CULTURA

“A despedida do mestre do humor e fundador de Tricycle



15 € | 80 MIN | PÚBLICO ADULTO

Esta é a despedida do mestre do humor e fundador de Tricycle; a súa última xira despois de 45 anos de profesión. Primeiro coa súa exitosa carreira coa mítica compañía de humor xestual e despois, en solitario, con máis de 160.000 espectadores que avalan o éxito do seu debut.

Cun estilo de humor e esa especial xestualidade que o caracterizan, tan unida a Tricycle, pero no que esta vez a palabra cobra protagonismo, o actor advertiranos das numerosas actividades que, ao parecer, hai que facer cando chega a xubilación. Con delirante agudeza e enxeño, descarta os tópicos da vida do pensionista e converte a súa despedida nunha auténtica celebración da risa.

Non é un monólogo. Carles Sans defíneo como un espectáculo teatral dun só personaxe no que as impresións e fantasías do actor conseguen que non paremos de rir. Promete que entre catro e cinco veces por minuto!

Interpretación: Carles Sans
Vestuario: The (Real) García
Música: Antonio Serrano, Claudio Marrero, Joan Carles Marí Tur e Claudia Bardagí
Iluminación: Aleix Ramisa
Coreografía: Tatiana Monells
Guión: Carles Sans, Jose Corbacho, Germán Aparicio e Rafel Barceló
Dirección: Carles Sans e José Corbacho

SÁBADO 26 SET

VENRES 2 OUT

DOMINGO 27 SET - 20.00 H



23.00 H - O Patacón
Daniel Higiénico (Illas Baleares)
Cancionólogos

Hai concertos. Hai monólogos. E despois está Cancionólogos. Daniel Higiénico rompe as fronteiras entre a música e o teatro para construír unha proposta inclasificable na que cancións, improvisación e relatos inesperados se suceden cun ritmo tan imprevisible como divertido. Cada canción é un pequeno conto. Cada historia abre a porta á seguinte nun espectáculo que medra a partir da palabra e das gargalladas.

Cunha mestura de ironía, humor e personaxes inesquecibles, o artista leva o cotián ata o absurdo e fai da complicidade co público unha parte esencial da función. Un espectáculo que cambia de dirección cando menos o esperas.

Daniel Higiénico ten unha longa traxectoria musical, con numerosos discos. Define o seu estilo como cantautor- rock-teatral... ou "cantactor" ecléctico, na música e nos textos.

5 € | PÚBLICO ADULTO (+12 ANOS)

Autoría, guitarra e voz: Daniel Higiénico



21.00 H - Café Colón
Carmen Conde (Galicia)
O que non estaba escrito

Curas que namoran, faixas de millóns en casas de pobres, bebés nados de hortas ou mulleres evanxelizadoras do pracer forman parte dunha escolma na que a vida máis anónima raia no improbable e a maior normalidade choca co delirio.

Durante vinte anos, Carmen Conde percorreu Galicia escoitando historias que nunca chegaron a escribirse. Desá memoria oral nace esta sesión de historias; serán reais ou imaxinadas?

E cada función ten o seu propio relato: o repertorio escóllese para a ocasión.

5 € | PÚBLICO ADULTO (+16 ANOS)

Interpretación e creación: Carmen Conde



Interpretación
 en lingua de
 signos

Sobria e Serena (Galicia)
O chou

AUDITORIO
 PAZO DA CULTURA

Que pode saír mal cando dúas cómicas deciden compartir escenario? Imos descubri-lo! Dúas das voces máis destacadas da nova comedia galega únense por primeira vez nun mesmo espazo. Porque o bo, se dobre, dúas veces bo!

Monólogos, improvisación, sketches visuais e unha química irresistible mestúranse para mirar o mundo desde un punto de vista tan afiado como disparatado. Unha proposta que ri de todo, empezando por elas mesmas.

Cunha sólida traxectoria sobre as táboas, na televisión e nos escenarios da comedia, as dúas artistas constrúen un diálogo áxil e inesperado no que cada historia conduce á seguinte sen que te decates. Combinan observación, sátira, conexión, desvergonza e moita personalidade para ofrecer máis dunha hora de gargalladas. Porque, como elas mesmas defenden, entre broma e broma sempre acaba asomando algunha verdade...



10 € | 90 MIN | PÚBLICO ADULTO

“ Máis dunha hora de risoterapia inspirada polas mellores parellas cómicas da historia

Intérpretes: Jazmín Abuín e
 Arantxa Treus

VENRES 2 OUT



23.00 H - Casino 1889
Lúa Mosquetera (Galicia)
Poesía acústica

Verso e combate. Activista da palabra armada e creadora de reguetón feminista, a súa palabra pódese volver salvaxe. A poesía pode chegar a calquera público. E ser un refuxio.

Lúa Mosquetera sobe ao escenario cunha palabra que nace da necesidade de nomear o mundo. Feminismo, precariedade ou empoderamento atravesan un recital onde o “spoken word” -a medio camiño entre o rap e a poesía recitada- convive coa música de Pablo Seijas, creando un espazo emocionante e íntimo para deterse, escoitar e deixar que o tempo pase.

Campioa da Poetry Slam de Compostela e Premio ARITmar, Mosquetera está consolidada como unha das voces máis singulares da poesía galega contemporánea.

5 € | PÚBLICO ADULTO (+14 ANOS)

Intérpretes: Lúa Mosquetera e Pablo Seijas

SÁBADO 3 OUT



23.00 H - Salón Social Pazo da Cultura
Atenea García (Galicia)
As ben dadas

Esta proposta rexoubreira fai un percorrido polas disidencias sexuais en Galicia ao longo do tempo.

A través da narración oral e das historias de vida, a actriz e narradora de longa traxectoria Atenea García convida a visitar esas marxes que poucas veces ocuparon o centro dos relatos. Cun humor afiado e moita retrans, o espectáculo cuestiona algúns dos grandes mitos arredor da diversidade sexual: desde a idea de que é algo recente ata a crenza de que o rural foi sempre un espazo máis hostil ca a cidade.

Unha proposta para revisar o pasado, desmontar tópicos e lembrar que a historia tamén se escribe desde as marxes. Vide as que sodes ben dadas!

5 € | PÚBLICO ADULTO (+14 ANOS)

Interpretación e creación: Atenea García

DOMINGO 4 OUT - 20.00 H

Raquel Nogueira e Iván Marcos (Galicia)
A historia vaxenial

AUDITORIO
PAZO DA CULTURA



10 € | 90 MIN | PÚBLICO ADULTO

Comenzaremos pola prehistoria para chegar aos nosos días e investigar como se representaron os órganos sexuais da muller e a relación desta imaxe co seu lugar no mundo. O tema dá para un dramón, pero con humor, retrans e moito enxeño visual, convértese nunha crónica alegre cargada de comedia. Ou quizais nun evento feminista?

Unha chea de *movidas* históricas, relixión, medicina, a histeria ou o “Panteón de machirulos ilustres” son algunhas das seccións que visitaremos nesta comedia irreverente que transforma séculos de prexuízos, silencios e inxustizas nun espectáculo tan divertido como necesario. É un relato co que rir, chorar e aprender.

A obra nace do fenómeno viral *Historias Vaxeniales*, gañadora dun Premio Mestre Mateo, que foi creada por unha das cómicas máis versátiles da súa xeración, Raquel Nogueira.

“Unha comedia que devolve a risa aos corpos das mulleres

Interpretación e vestuario: Raquel Nogueira
 Deseño de Luz: Montse Pinheiro
 Deseño de vídeo: Iván Marcos
 Asistencia artística: Borja Fernández
 Escenografía e dramaturxia: Raquel Nogueira e Iván Marcos
 Dirección: Iván Marcos

* PREMIO LUÍSA VILLALTA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2024



21.00 H - Valle Inclán Café
Adrián do Regenco e Pablo Alvite (Galicia)
Pequenos pero faltóns

Que teñen en común a infancia dos 90, a tecnoloxía, as tradicións e as pequenas contradicións do día a día? Adrián do Regenco e Pablo Alvite, expoñentes da nova era da retransmisión galega, dannos a resposta nunha hora de humor na que alternan monólogos, improvisación e interacción co público para demostrar que a mellor maneira de entender a realidade segue sendo rir dela.

Situacións cotiás, relacións persoais, cambios sociais... de todo iso falarán entre gargalladas. Estanse adaptando á vida adulta, ou é a vida adulta a que se adapta a eles?

5 € | PÚBLICO ADULTO

Intérpretes e creadores: Adrián do Regenco e Pablo Alvite

* ESTREA
EN GALICIA



23.00 H - La Bombonera
El Famoso Trino
 (Comunidade de Madrid)
El Famoso Trino

As noticias nunca foron tan pouco fiables... nin tan divertidas.

O fenómeno viral que conquistou as redes sociais coas súas falsas noticias cargadas de humor, retransmisión e sátira dá o salto aos escenarios. Baixo o nome de El Famoso Trino, Trino García, referencia do mundo satírico e dixital, recupera os personaxes e as situacións máis coñecidos dos seus vídeos para construír un espectáculo no que os monólogos, os sketches de humor absurdo e a improvisación se mesturan cunha crítica social afiada e unha constante complicidade co público.

Porque ás veces a realidade é tan disparatada que só queda unha maneira de entendela: rir dela.

5 € | PÚBLICO ADULTO (+14 ANOS)

Intérprete: Trino García
 Guión: Trino García e Juan Luis Navarro
 Idea orixinal e música: La Fabrica de la Comedia



22.30 H - A Reserva
Fábrica de Impro (Galicia)
O show

Nada está escrito. Ou, mellor dito, todo está por escribir. As palabras e ideas escritas polo público nunha tarxeta son a orixe de historias que nacen e medran sobre o escenario sen guión nin rede de seguridade. O público forma parte do xogo e cada función é irreplicable.

Gargalladas garantidas nun show de comedia improvisada onde a única certeza é que todo pode pasar. Con ritmo frenético, humor e unha enorme capacidade para sorprender, estes improvisadores mentalmente inestables constrúen en directo unha sucesión de escenas tan inesperadas como divertidas.

ENTRADA FÁBRICA DE IMPRO + DJ MAIKEL = 5 €
 PÚBLICO ADULTO

Intérpretes e creación: Fábrica de Impro



00.00 H - A Reserva
DJ Maikel (Galicia)

Remataremos a Rúa dos Contos bailando. DJ Maikel leva case dúas décadas facendo soar a música independente e electrónica.

É un colaborador de Mondo Sonoro e de Soando Con Forza de Que Pasa na Costa.

CO
LA
P

MICRO ESCENAS M²

S en barreiras, sen distancias, sen rede. O teatro cara a cara. Próximo, fugaz, en estado puro. Teatro que irrompe no cotián, instalándose en espazos de vida compartida... condensado nun metro cadrado.

Unha experiencia inmersiva e íntima que sitúa ao público a un paso da escena: para cruzar miradas, sentir cada respiración, descubrir xestos, sons e mesmo aromas que amplifican unha vivencia teatral intensa.

A décima edición do Certame de Micro-Escenas M², que é pioneiro en Galicia, continúa reafirmando o seu compromiso coas artes vivas, apoiando a exploración formatos innovadores e a traxectoria de compañías e creadores emerxentes. Un laboratorio aberto para experimentar cos límites do teatro e expandir as súas formas.

Das 25 propostas recibidas, un xurado de profesionais das artes escénicas seleccionou seis pezas que transitan por disciplinas tan diversas como o clown, o teatro de obxectos, teatro de máscaras, danza, teatro físico ou o de actor.

COLABORA:



A escena conquista novos recunchos da vida cotiá de Carballo con obras creadas para darlle nova vida: a conserxería do Pazo da Cultura, a pastelería Zuccaro, o Xardín Rosalía de Castro, a tenda de segunda man Buy & Sell, a tenda de calzado barefoot Up! e a tenda de roupa infantil Sweet Spirit. Seis localizacións singulares para seis creacións únicas, cinco delas estreos absolutos.

O público será o que premie a mellor interpretación e o mellor espectáculo. Ademais, a través da colaboración do FIOT con CulturGai, a Feira das Industrias Culturais de Galicia, unha das pezas será seleccionada para a súa exhibición en CulturGai 2026.

Acceso gratuito ata completar aforo. Debido á limitación dos espazos, recoméndase reservar praza escribindo a microteatroentrada@gmail.com indicando: nome do espectáculo, horario, nome e apelidos da persoa espectadora e teléfono de contacto.

SÁBADO 10 OUT

12.00, 13.00, 17.30 e 18.30 H

* ESTREA
ABSOLUTA



Iván Davila (Galicia)

wOHrk

Conserxería Pazo da Cultura (Rúa do Pan, s/n, andar 0)

Hai quen vai do traballo á casa e quen xa non distingue entre ambos. Un conserxe recibe candidatos que buscan emprego... e tamén un lugar onde vivir.

wOHrk mergúllase, a través do clown e do humor absurdo, na precariedade actual e nas fronteiras cada vez máis difusas entre a vida e o traballo. Desde o xogo, o ridículo e a complicidade co público, a peza sitúanos nun espazo recoñecible que pouco a pouco se vai deformando ata chegar ao poético.

“ *Un dilema tan absurdo como real* ”

15 MIN | 8-12 PERSOAS
TODOS OS PÚBLICOS (+8 ANOS)

Creación e interpretación: Iván Davila

* ESTREA
ABSOLUTA



Compañía Humana (Galicia)

A vinganza contra o Dr. Tirarrollas

Pastelería Zuccaro (Gran Vía, 46)

Un doutor encarnado nun sacarrollas, unha protagonista que é un queixo de tetilla e a súa nai, un cigarro nunha boquilla. A través do teatro de obxectos, nai e filla deciden vingarse dun doutor gordófono empeñado en torturar ás súas pacientes. Pero esta será a derradeira!

Creada en 2022, Compañía Humana presenta unha peza que combate con humor os estereotipos de xénero e a discriminación das mulleres na sanidade; un petisco da comedia que estrearán no vindeiro outono.

“ *A ousadía de rebelarse contra os estereotipos para mirar os corpos desde outra perspectiva* ”

15 MIN | 15 PERSOAS | TODOS OS PÚBLICOS (+8 ANOS)

Creación, dirección e interpretación: Antela
Vestuario e atrezzo: María Gutiérrez Cedrón

* ESTREA
ABSOLUTA**La Tercera** (Galicia)*Fogar*

Xardín Rosalía de Castro (Parque do Anllóns)

Farta da cidade, Claudia múdase ao campo. Sorprendentemente, alí suceden as historias máis dispares. Quizais, unha avoa viúva chea de vida, un neno pillo e curioso, unha diva extravagante vida a menos, un home sinxelo e de bo corazón...

Con comedia e a través do uso de máscaras, teatro físico e xogo, desvelaranse prexuízos e estereotipos do choque entre o rural e o urbano e, sobre todo, do que esperamos dos demais e do que atopamos cando nos permitimos miralos doutro xeito.

La Tercera é unha compañía de creación colectiva nacida en Madrid, que xa ten recibido varios premios polos seus espectáculos.

“E se son os outros os que nos poñen máscaras?”

15 MIN | 20 PERSOAS | TODOS OS PÚBLICOS (+12 ANOS)

Interpretación: Jorge Albuín, Abril González, Cristina Reche e Yaiza Portela. Creación, dramaturxia e dirección: La Tercera

* ESTREA
ABSOLUTA**Candil Teatro** (Galicia)*A casa do avó*

Buy & Sell Segunda man (Estrela, 18)

A tenda de segunda man Buy & Sell organiza as súas xornadas anuais de poxas. Xoán pon á venda trebellos da casa do seu avó, recentemente falecido. Os obxectos atopan -ou non- un novo dono, e nós descubriremos a historia dunha familia rota por unha herdanza e a dun home que trata de comprender o acontecido mentres carga co peso das lembranzas.

Que vivencias gardan os obxectos aos que damos unha segunda vida? A peza creada por Jimmy Núñez convídanos a reflexionar sobre a nosa relación co consumo.

“Que acontece cando a cobiza se antepón?”

20 MIN | 10-15 PERSOAS
TODOS OS PÚBLICOS (+12 ANOS)

Autoría, dirección e interpretación: Jimmy Núñez

* ESTREA
ABSOLUTA**Alicia López Méndez** (Galicia)*A vergonza era verde e comeuna a vaca
upa! Espazo barefoot* (Exterior 5, Mercado Municipal)

A vergonza tende a medrar e a engulir canto atopa diante. Cómpre afouteza para facerlle fronte, rachar ataduras e deixar saír a humanidade que permanecía abafada. Nesta creación, Alicia López Méndez busca superar eses límites e darse permiso para ser con liberdade, nun proceso de transformación no que habita as súas múltiples peles e deixa falar todas as súas voces.

Pernas e pés tomarán o Espazo Barefoot neste solo de danza contemporánea no que a bailarina, performer, artista visual e directora de cinema documental atopa na danza tradicional un camiño cara á memoria e un vínculo cun pasado que continúa vivo na identidade galega.

“Só cando se deixa atrás o medo é posible amosarse tal e como un é”

10 MIN | 15 PERSOAS | TODOS OS PÚBLICOS

Creación e interpretación: Alicia López Méndez
Música orixinal: Alicia López e Maxime Jean Bruno Lacaze
Vestuario: D'aquela
Con apoio de Cruceiro Paraíso 2024 do Colectivo RPM

* ESTREA
ABSOLUTA**Aterradas** (Galicia)*Planeta pop: a alien que se converteu
en superestrela*

Sweet Spirit Moda infantil (Valle-Inclán, 14)

Unha alieníxena chega á Terra cun soño: converterse nunha superestrela do pop. Dúas investigadoras moi fanáticas conseguen recompoñer a súa historia e agora compártena co mundo.

A través da comedia, a música, o teatro-documento e a tecnoloxía percorren o camiño da extraterrestre e os seus obstáculos: a precariedade da industria musical, a adaptación aos costumes terrestres ou a necesidade de conservar un traballo.

Esta é a primeira peza de creación propia da compañía emerxente Aterradas, unha divertida historia de divas e fans obsesivas, artistas alternativas e mánagers aproveitados.

“A Terra desde unha mirada alieníxena”

20 MIN | 10 PERSOAS | PÚBLICO ADULTO

Creación e interpretación: Lara Álvarez e Elsa Comesaña
Asistencia á dirección: Gena Baamonde
Música orixinal: Lara Álvarez, Elsa Comesaña
Creación escénica: Aterradas

EN PARALELO

O FIOT MÁIS ALÁ DO ESCENARIO

CANDO TODO CAE,
VEN AO TEATRO

GALA PRESENTACIÓN DO FIOT 2026

Venres 4 set - 19.30 h.



O festival abre as súas portas coa tradicional cita para presentar a súa programación, un primeiro encontro cos espectadores, cos socios e socias de Telón e Aparte, co voluntariado, coas institucións e coas entidades colaboradoras que fan posible a 35ª edición do FIOT.

Un momento feliz de reencontros co público, a nosa forza e a nosa inspiración; de compartir e defender un programa que realizamos con ilusión; de agradecer ás institucións e colaboradores, socios e voluntariado o seu compromiso con este proxecto, co Corazón do Teatro en Galicia.

E recibíremolos con alegría e música para celebrar este inicio.

Unha señora orquestra (Galicia)

Torta Torta

Nestes tempos onde impera a “multitarefa” e a intelixencia artificial ameaza con gobernalo todo, poucas cousas hai tan contemporáneas e nostálxicas como un encontro con esta muller orquestra.

Unha señora orquestra é o proxecto que presenta a música e actriz Ailén Kendelman xunto coa Xograresa de Outono 2025 Areta Bolado. Unha proposta singular na que a artista convértese nunha muller orquestra

accionando varios instrumentos a través dun curioso sistema de mecanismos, cordas e roldanas cos que interpreta con habilidade ritmos galegos, músicas do leste e folclore latinoamericano.

O público que entra no mundo de *Unha señora orquestra* pasa a formar parte dun espectáculo cheo de humor e tenrura, move o esqueleto con temas bailables e chalados, canta con ela as súas letras reivindicativas e un chisco picantes. Podiamos empezar mellor?



ENTRADA LIBRE | TODOS OS PÚBLICOS

Voz, acordeón, bombo, caixa, pratos, aerófonos, composición musical e cocreación: Ailén Kendelman. **Letras e cocreación:** Areta Bolado. **Construción do trebello musical:** Xosé Tunhas. **Mellora de sistemas e amarres:** Elena Ferro. **Creación do paraugas-frauta:** Xavi Lozano.

FIOTIÑO

CONVITE TEATRAL PARA NENOS E NENAS

CANDO TODO CAE,
VEN AO TEATRO

LUNS 12 OUT - 18.00 H

Assircópatas (Galicia) *Oh! Onde deterse a mirar*

* ESTREA ABSOLUTA
* COPRODUCCIÓN FIOT



5 € | 55 MIN | PÚBLICO FAMILIAR

Nun mundo feito de libros, alguén ordena sen descanso ringleiras perfectas. Un volume, outro, outro máis... Ata que un día, un libro cae e con el derrúbase a orde. Oh!

Comeza así unha viaxe inesperada cunha librería que nos leva a diferentes universos onde deterse, respirar e recuperar o pracer de mirar sen présa. Un barco varado, unha balea que perdeu a conta de canto leva alí...

Entre risas e sorpresas, a música en directo, o circo, a danza, ou o clown abren as portas a un universo poético que se transforma, como un soño, en todo o que poidas imaxinar.

O pallaso, bufón e improvisador Dani Blanco fundou Assircópatas hai case 20 anos, e ten xirado por máis dunha ducia

de países, entre equilibrios e malabares, combinando o circo co seu peculiar humor absurdo, intelixente e libre.

“ Sen ataduras, sen presa. Ás veces, basta con un pequeno xesto para que todo cambie ”

Interpretación e autoría: Dani Blanco. Vestuario: María Dobronich e Alicia Root. Escenografía: Salva Neira. Deseño iluminación: Alfonso Medina. Músicas en escena: Nerea Carpenle e Alicia Root. Coreografía: Paula Quintas. Dirección: Paula Quintas e Arturo Cobas

> FIOTEEEN

Preestrea co alumnado de secundaria, 8 de outubro



XXV Concurso Escolar de Teatro Lido "Xosé Manuel Eirís"

Outros xeitos de facer teatro

O teatro pode chegar ás casas de moitas maneiras. As voces da rapazada que participe espallarán o teatro por todos os recunchos de Bergantiños a través da radio e das redes sociais do festival.

Un ano máis, os centros escolares de Primaria e Secundaria de toda a comarca están convidados a participar nesta proposta que busca achegar o teatro á cativada e facilitar o seu primeiro contacto coa interpretación mediante a lectura dramatizada. Xa na súa XXV edición, o concurso propón que cada grupo grave a súa lectura en formato de vídeo para que as súas interpretacións poidan chegar ao público a través do FIOT.

Unha ducia de grupos será seleccionada polo xurado para vivir ademais a experiencia de gravar nos estudos profesionais de Radio Nordés Cadena SER. Desá gravación saíran os finalistas que volverán subir ao escenario para participar na gala final, que terá lugar o 8 de novembro no Auditorio do Pazo da Cultura. Alí coñeceranse os premios, cunha dotación total de 850 €, e celebrárase o peche desta aventura teatral.

E, como manda a tradición, a festa rematará cunha chocolatada!

Organiza: Telón e Aparte. Colabora: Radio Nordés Cadena Ser e Librería Brañas Verdes. **Prazo de presentación do arquivo de vídeo:** ata o 12 de outubro. **Gala final e acto de entrega de premios:** Pazo da Cultura, domingo 8 de novembro



Teatro de Rúa (páxinas 24-28)

Vés con amigos, coa familia, coa veciñanza ou por libre? En calquera caso, a rúa convértese no lugar perfecto para gozar das artes escénicas dun xeito diferente. Circo, maxia, clown, malabares, equilibrismo e acrobacias mestúranse co humor para encher o espazo público de diversión, sorpresa e risco.

Ven 25 set: Spanish Circo

Ven 2 set: Sue Moreno

Ven 2 out: Zirko Txosko

Ven 9 out: Nacho Flores

Máis propostas

O programa ten máis propostas para todos os públicos ao longo dos seus diferentes ciclos, con espectáculos aos que vos animamos a achegarvos e participar. Entre elas, aquí tendes unha recomendación especial do festival:

Mar 25 set: Residencia de Maiores de Carballo Fran Rei (Público familiar)

Sáb 10 out: Pazo da Cultura

Iván Davila (Todos os públicos)

Sáb 10 out: Pastelería Zuccaro

Compañía Humana (Todos os públicos)

Dom 11 out: Centro Social de Cances

Inda Pereda (Todos os públicos)

FIOTEEN

ESPECIAL FIOT PARA ADOLESCENTES

CANDO TODO CAE,
VEN AO TEATRO

MÉRCORES 14 OUT - 11.00 H

Flyhard Produccions (Cataluña)

Caballito de mar



75 MIN | FUNCIÓN ESCOLAR

Martí ten vinte anos e desde hai un ano iniciou a súa transición e comezou a tomar testosterona para modificar o seu corpo. A súa vida dá un xiro inesperado cando descobre que está embarazada. Mentres toma unha decisión, reflexiona sobre o seu corpo, a súa transición e os códigos de xénero establecidos.

Caballito de mar o el pez invisible vai máis aló do embarazo adolescente non desexado e da visibilidade das identidades non cisheteronormativas. É tamén unha celebración dos corpos. De todos os corpos.

Este multipremiado monólogo profundamente humano, cunha interpretación maxistral a cargo de Marc Torres, é un espectáculo delicado e conmovedor, unha viaxe persoal na que o íntimo se converte tamén nunha

reflexión sobre a diversidade, os afectos e a liberdade de ser.

Flyhard é unha produtora con sala propia en Barcelona que produce obras a partir de dramaturgos cataláns contemporáneos.

“*Mirar máis alá dos prexuízos historias que tamén forman parte do noso presente*”

Interpretación: Marc Torres. **Vestuario:** Pau Nieto
Locución: Sergi Boira. **Vídeo de escena:** Laura Bonnín. **Espazo escénico e deseño de iluminación:** Joan Fullana. **Espazo sonoro:** Pere Joan Company
Autoría: Pau Coya. **Dirección:** Rebeca del Fresno

* Alumnado de Bacharelato e Ciclos Superiores de FP



Accións teatrais nos institutos Galeatro Teatro

Coa alianza dos institutos, manterémosvos informados de todo o que pasa no FIOT a través da compañía Galeatro, que visitará periodicamente os centros de ensino con pímulas informativas para presentar espectáculos.

Intérpretes: Alba Bermúdez e Tone Martínez

Lugar: Centros de Educación Secundaria de Carballo. **Dirixido a:** Alumnado dos centros de ensino

Xoves 8 out - 11.00 h

Assircópatas (Galicia)

Oh! Onde deterse a mirar



O alumnado de secundaria dos institutos de Carballo coñecerá en primicia *Oh! Onde deterse a mirar* un espectáculo visual no que o clown, o circo, os equilibrios, os malabares e a música en directo constrúen un universo poético cheo de humor, sorpresa e imaxinación. Assircópatas convida a deterse, respirar e recuperar o pracer de mirar sen présa.

Máis información na páxina 45 deste programa.

Obradoiro Morder a lingua



Queres actuar nun espectáculo do FIOT? Imos facer un pequeno obradoiro coa compañía especializada en teatro comunitario La Rueda Teatro Social. Os participantes intervirán na representación que terá lugar o 18 de outubro no Auditorio do Pazo da Cultura. Trátase dun proxecto interxeracional, no que, ademais dos membros da compañía, participarán mozas e mozos entre 15 e 24 anos e maiores de 60. O tema é suxestivo: a sexualidade. Pretende romper tabús e tender pontes entre xeracións.

Datas: do 15 ao 18 de outubro. **Participación gratuita.** Prazas limitadas. **Inscripción previa:** recoméndase en fiot.carballo@gmail.com

Xoves 22 out - 11.00 h

Mofa e Befa (Galicia)

A arte da guerra

Reis, xenerais, concubinas, espías, magnates, adestradores de fútbol ou avogadas matrimoniais protagonizan *A arte da guerra*, unha sátira da nosa época inspirada no lendario tratado de Sun Zi. Se todo é unha guerra... mellor tomala con humor.

Mofa e Befa volven ao FIOT co seu particular «perralleirismo», transformando a sabedoría militar chinesa nunha farsa sobre o poder, o engano e un mundo en colisión. Coproducida polo FIOT xunto a PT Excéntricas, a peza propón ao alumnado, desde o humor e o absurdo, unha mirada crítica sobre cuestións da sociedade actual e sobre como o teatro pode axudarnos a interpetalas.

Máis información na páxina 9 deste programa.



* PREESTREA
* COPRODUCCIÓN FIOT



Onda FíOT

A iniciativa dixital do festival

A integración das novas tecnoloxías no mundo das artes escénicas abre novas posibilidades para o feito artístico. En resposta a esta evolución, uns anos atrás creamos ONDA FíOT, unha iniciativa que potencia os formatos sonoros e dixitais, configurando un programa que expande a nosa oferta cultural, impulsando novas propostas de mediación e agrupando diversos proxectos que se foron desenvolvendo ao longo dos anos.

Arquivo de Teatro Lido Xosé Manuel

Eirís: reúne as creacións dos nosos teatreiros máis miúdos no Concurso de Teatro Lido Xosé Manuel Eirís, que conta xa con 25 anos de historia, e permite que as obras sonoras dos máis pequenos/as poidan ser revisadas e disfrutadas en calquera momento.

FíOT Fónico: *A lúa, válvula de spray,*

2020 (con autoría Rosalía Fernández Rial e dirección de Quico Cadaval) e *O espello que arde*, 2021 (con autoría de Marta Lado e dirección de Marcos PTT Carballido) son dúas obras de teatro sonoro que producimos. As Rúas de Carballo son o insólito escenario polo que transitan os espectadores seguindo a historia a través do podcast, permitindo descubrir novos mundos na nosa contorna.

Escola do Espectador nas Ondas

Membros de equipos artísticos que forman parte do programa conversan sobre os seus proxectos e “segredos” con xornalistas especializados, proporcionando unha visión profunda e accesible sobre as obras do Outono de Teatro.

Estes encontros presenciais celébranse no salón social do Pazo da Cultura e gravaranse ao vivo en formato podcast, aloxándose na web do FíOT, sendo accesibles en calquera momento.

Coa incorporación dos recursos dixitais, estendemos a múltiples públicos a Escola de Espectador, a proposta formativa creada hai xa moitos anos para facilitar aos espectadores a comprensión e valoración dos espectáculos teatrais.

Aberto ao público sen necesidade de inscrición.

Data de celebración e hora: 29 de outubro, 20.00 h

Lugar: Pazo da Cultura

Actividade: Encontro de Titzina Teatro con Daniel Galindo, xornalista cultural e director do programa La Sala (RNE) sobre la creación de la obra

Disección de la bondad en tres actos



Exposición ZOOM FíOT 2025

Ollada privilegiada ao corazón dos espectáculos da anterior edición do FíOT, a través dunha selección de imaxes que capturan a esencia e parte da cara menos visible do festival, immortalizando momentos únicos que o público non pode ver.

Os fotógrafos participantes nesta mostra son: Antonio Fernández, J. Juan Pérez, Criss Becerra, J. Manuel Pérez, Daría García, María Barca e Marcos Rodríguez.

Café con...

Unha charla entre espectadores e compañías arredor dun café é unha oportunidade única para atoparse cos equipos artísticos e coñecer de primeira man o seu traballo e o proceso creativo.

Organizaremos este espazo de diálogo antes de cada función do Programa de Sala sempre que as necesidades das montaxes o permitan.

Aberto ao público sen necesidade de inscrición.

Datas de celebración e hora: sábados de función do Programa de Sala, ás 18.00 h se as circunstancias o permiten

Lugar: Pazo da Cultura. + **info:** www.fiot.gal

Organiza: AC Telón e Aparte



Voluntariado FíOT

Desde hai 15 anos, o programa de voluntariado do FíOT reúne unha vintena de persoas solidarias, altruístas e afeccionadas ao teatro, dispostas a dar o mellor de si para que cada edición sexa inesquecible.

Se a ti tamén che apaixona o teatro e queres vivir unha experiencia única, únete ao noso equipo de voluntariado e forma parte dun dos festivais máis icónicos de Galicia.

Entra en fiot.gal ou chama ao 981 704 300 e descubre como podes colaborar co FíOT. A túa implicación é clave para que o festival siga crescendo e mellorando cada ano.

Vémonos no FíOT!

#procuramosousados

Premio do público

Queres formar parte activa do FíOT e influír na programación das vindeiras edicións? A túa opinión conta. Invítamoste a puntuar a obra que acabas de ver. Convidaremos á compañía que reciba a mellor puntuación do público a formar parte dunha futura edición do Outono de Teatro cunha nova proposta.

O espectáculo gañador do FíOT 2025 foi *Medida por medida (La culpa es tuya)*, de Gabriel Chamé Buendía cunha puntuación de 4,75 sobre 5.

CREANDO TEATRO

Coproducións e residencias artísticas do FIOT

Procurando ir máis aló da difusión e dinamización teatral, o FIOT participa na creación servindo de marco para estreas e colaborando coas compañías na xeración de novas propostas, acolléndolas en residencia ou implicándose na súa produción.

- *Oh! Onde deterse a mirar*, de AsSircópatas
- *A arte da guerra*, de Mofa e Befa
- *Disección de la bondad en tres actos*, de Titzina
- *Asoballado por fentos*, de Álvaro Corral Cid
- Work in progress- Residencias Paraíso 2026*

LEVEDANDO:

A obra antes da estrea

Achegamento a procesos de escritura e creación escénica

Nova sección coa que pretendemos dar a coñecer ao público obras que están medrando, que se están construíndo. Unha nova experiencia na que coñeceremos os procesos de creación a través dos seus creadores, ao tempo que visibilizamos o compromiso dos equipos artísticos e lles ofrecemos a oportunidade de contrastar co público o seu traballo.

- Taller-laboratorio arredor do proceso de creación de Manchas de sangue

Con Areta Bolado e Ailén Kendelman, de Torta Torta

As recoñecidas teatreiras Areta Bolado e Ailén Kendelman, ex-integrantes de A Panadaria, ofrécennos a oportunidade de participar no proceso de creación que inaugura a súa nova compañía Torta Torta, *Manchas de sangue*, coproducida polo Centro Dramático Nacional e que estreará en xaneiro.

Desde o humor acedo e reivindicativo que as caracteriza como creadoras, fan unha viaxe polo tempo e os derramamentos de



sangue, desde os mitos e tabús sobre a menstruación ata os horrores da guerra.

Os participantes explorarán o humor como ferramenta para o pensamento crítico, a improvisación ou o xogo coas convencións teatrais. Unha oportunidade para divertirse e coñecer como se fai unha obra de teatro.

Data: sábado 10 de outubro, de 10.00 a 13.00 h

Lugar: Pazo da Cultura. **Destinatarios:** maiores de 14 anos. **Participación gratuita.** Prazas limitadas. **Inscripción previa:** recoméndase en fiot.carballo@gmail.com

- Obradoiro Morder a lingua La Rueda Teatro Social

Queres actuar nun espectáculo do FIOT? Se tes entre 15 e 24 anos ou máis de 60, participa neste obradoiro teatral sobre sexualidade. Máis info na páxina 48.

Datas: do 15 ao 18 de outubro, de 10.00 a 13.00 h

Participación gratuita. Prazas limitadas.

Inscripción previa: recoméndase en fiot.carballo@gmail.com

- Laboratorio de Coro Teatral LoitaMADRE

Con Esther F. Carrodegas e Xavier Castiñeira, de ButacaZero

Queres participar nunha experiencia teatral profesional e colaborar cunha compañía de referencia na creación do seu espectáculo?

LoitaMADRE é o novo proxecto de ButacaZero. Partindo da loita das nais contra



a droga en Galicia con movementos como Érguete, analiza as grandes loitas históricas de nais e pon en valor as heroínas cotiás que logran o cambio desde abaixo.

Tras un longo proceso de investigación e escritura no que aínda están inmersos -recoñecido cunha prestixiosa Bolsa Leonardo da Fundación BBVA- e partindo de textos da obra escrita por Esther F. Carrodegas, a compañía propónlle a un grupo de nais carballesas explorar xuntas como configurar a montaxe para que as nais de cada localidade, de cada teatro, se incorporen a cada representación a modo de coro teatral, construíndo unha voz colectiva sobre o escenario.

Queremos que esta ambiciosa proposta forme parte da programación do FIOT 2027 e que o público do FIOT poida ir coñecendo desde dentro, así como contribuír ao proceso de construción do espectáculo.

ButacaZero é a plataforma creativa da dramaturga e actriz Esther F. Carrodegas e do director Xavier Castiñeira, que propón o diálogo coa actualidade desde unha mirada crítica e irónica.

Data: sábado 24 de outubro, de 10.00 a 13.00 h

Lugar: Pazo da Cultura. **Destinatarios:** nais

Participación gratuita. Prazas limitadas.

Inscripción previa: recoméndase en fiot.carballo@gmail.com

Co patrocinio de:



Arredor de Manuel Lourenzo

Exposición e conversa



Manuel Lourenzo forma parte da nosa prezada comunidade de honra, os Xograres de Outono do FIOT.

É unha das figuras imprescindibles para entender o teatro galego contemporáneo e un dos seus representantes máis ilustres. Prolífico autor de máis de 300 pezas teatrais, actor, director, investigador e mestre de varias xeracións de profesionais da escena, a súa traxectoria atravesou a historia recente do noso teatro.

Cando se cumpre un ano do seu falecemento, ButacaZero organiza uns actos na súa lembranza, e o FIOT súmase a esta conmemoración.

A través da exposición *Manuel Lourenzo. A Pegada que continúa* convidámoslos a descubrir e celebrar a memoria deste creador, achegándonos emocionalmente a esta figura poliédrica. Esta pequena mostra está concebida polo director teatral Xavier Castiñeira, con diversas colaboracións e o fondo bibliográfico da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor da UDC.

Completaremos este achegamento ao seu impacto humano, teórico e práctico compartindo reflexións colectivas nunha conversa dirixida por Xavier Castiñeira con profesionais que forman parte da súa herdanza cultural como a carballesa Alba Bermúdez, entre outras.

Datas:

- Exposición *Manuel Lourenzo. A pegada que continúa*: do 17 ao 31 de outubro.

- Conversa arredor do Mestre: sábado 24 de outubro, 18.00 h

Lugar: Pazo da Cultura. Acceso libre

CREANDO TEATRO

Presentación de libros

Unha tarde para coñecer dúas novidades editoriais arredor dun elemento fundamental na creación escénica, a música.

- A música dos desprazados

O investigador Javier Gándara Feijóo presentará o seu libro *A música dos desprazados. Teatro lírico e galegidade durante o longo século XVIII* que revela unha Galicia interconectada, plural e culturalmente dinámica, á vez que reflexiona sobre o papel das artes escénicas na construción da nosa identidade cultural. Acompañará ao autor o editor Ramon Pinheiro de aCentralFolque.

Data: xoves 22 de outubro, 19.00 h

Lugar: Pazo da Cultura

- Fran Pérez, *Narf. Canto Sentido*

Coa participación de Quico Cadaval e Xelís de Toro


Cando se cumpren 10 anos do seu pasamento,

amigos e outros músicos próximos a Fran Pérez “Narf” promoven a edición dun libro-CD homenaxe a este importante músico, cantante e compositor galego, recoñecido pola orixinalidade e riqueza da súa obra e a incorporación de múltiples influencias sonoras ao rock. Tivo unha frutífera relación co teatro, compoñendo a música para máis de 30 espectáculos.

Editado por aCentral Folque, algúns dos autores desta publicación colectiva son Quico Cadaval, Xelís de Toro, Carlos Santiago, Uxía ou Pepe Sendón, ou Ramón Bermejo.

Data: xoves 22 de outubro, 20.00 h

Lugar: Pazo da Cultura



O RETO DA SUSTENTABILIDADE

Temos un compromiso coa sustentabilidade, un reto que nos marcamos hai uns anos e no que queremos avanzar edición a edición. O FIOT é algo máis que un evento e reivindicamos a potencialidade do noso festival como xerador de redes e vínculos coa comunidade, como promotor do desenvolvemento das persoas e do territorio. De Carballo, como o máis próximo, e do ecosistema das artes escénicas galegas, no que tamén pretendemos desempeñar un papel dinamizador. Tamén na promoción da igualdade ou na sustentabilidade do proxecto.

Pola súa incidencia nestes valores acordados coa Axenda 2030 e cos dereitos culturais, a selección do lema de cada edición ou as temáticas de interese social e cultural que abordan moitas das obras, son mostra do noso compromiso.

Unha medida de grande interese para nós é a promoción da accesibilidade e inclusión a través da expansión por múltiples espazos as actividades para chegar aos colectivos máis diversos, así como a incorporación dun servizo de interpretación en linguaxe de signos nalgúns espectáculos de pequeno formato, normalizando a presenza de diferentes colectivos nas salas.

Ademais de localidades adaptadas para discapacidade físicas, ofertaranse butacas ubicadas para facilitar a audición e/ou visión reservadas para persoas con algunha dificultade auditiva ou sonora.

Información sobre espectáculos adaptados na web e en redes sociais



**Interpretación
en lingua de
signos**

XOGRAR DE OUTONO 2026

O novo Xograr de Outono é o director técnico do FIOT desde hai 25 anos e unha das persoas imprescindibles para entender a historia e o presente do festival. Os anteriores galardoados recoñecen en Antonio Porteiro unha maneira de entender o oficio baseada na profesionalidade, confianza, capacidade de traballo e, sobre todo, en facer posible o imposible. Durante un cuarto de século traballou man a man co FIOT para sacar adiante cada edición, espectáculo e necesidade técnica. Como di con retranca ante un reto: “queredes meter un pé do 45 nun zapato do 36”. E Antonio faino posible.

O seu compromiso vai máis alá do festival. Desde Sonpress, empresa que fundou e dirixe, leva décadas contribuíndo ao tecido cultural da comarca e colaborando con profesionais e proxectos de Galicia e do resto do Estado. Querido e respectado tamén polos equipos chegados de España e do estranxeiro, a súa actitude alegre, próxima e facilitadora converteuno nunha referencia da nosa escena: dos que coidan cada detalle para que a luz estea, o son chegue, o escenario funcione e a creación poida brillar.

O FIOT recoñece así tamén as profesións técnicas que sosteñen as artes escénicas: son, iluminación, maquinaria, escenografía, montaxe, produción e tantos outros oficios imprescindibles. Porque o teatro tamén é quen está detrás, coida, resolve e fai posible a maxia. E no FIOT, esa maxia leva 25 anos contando con Antonio Porteiro.

> O acto de entrega do galardón Xograr de Outono 2026 terá lugar o venres 23 de outubro antes do inicio do espectáculo *A arte da guerra*

Antonio Porteiro



XOGRARESAS E XOGRARES DE OUTONO

O Xograr de Outono é un nomeamento honorífico co que o Festival Internacional Outono de Teatro recoñece a unha persoa ou entidade que destaca pola súa traxectoria na promoción e desenvolvemento do teatro en Galicia. A elección do galardoado correspóndelle aos anteriores Xograr de Outono e a AC Telón e Aparte. En edicións pasadas foron merecedores deste premio Roberto Vidal Bolaño, Artur Trillo, Celso Parada, Víctor Mosqueira, Quico Cadaval, Dorotea Bárcena, Cándido Pazó, Paula Carballeira, Marcelino de Santiago “Kukas”, Alberto Gende, Xosé Manuel Oliveira “Pico”, Eduardo Rodríguez Cunha “Tatán”, Susana Dans, Miguel de Lira, Mónica Camaño, Manuel Lourenzo, Patricia de Lorenzo, Carlos Alonso, Casilda Alfaro, Evaristo Calvo, Ana Romani, Avelino González e Areta Bolado.

VENDA DE ENTRADAS

Ataquilla

> PREZOS ENTRADAS E BONOS (gastos de xestión non incluídos)

FIOTiño

> ENTRADAS: 5 €

AsSircópatas (12 out).

Programa de Sala

> ABONOS: 95 € / 90 €

Póñense á venda un total de 200 abonos para asistir ás funcións dos días 3, 9, 10, 17, 23, 24, 30 e 31 de outubro.

95 €: prezo ordinario.

90 €: prezo reducido (carné xove, estudantes con carné de estudante, maiores de 65 anos, menores de 20 anos e parados, deberá acreditarse debidamente esta circunstancia especial do prezo reducido no acceso ao espectáculo).

> ENTRADAS: 12 € / 15 €

12 €: Companhia do Chapitô (9 out), Mofa e Befá (23 out), Pecado de Hybris (24 out), Titzina (30 out).

15 €: Chévere (3 out), Producciones Teatrales Contemporáneas (10 out), Teatro del Barrio (17 out), Rafael Álvarez, El Brujo (31 out).

Certame de Micro-Escenas M²

> ENTRADAS GRATUITAS

Recoméndase reserva no correo fiot.microteatroentrada@gmail.com a partir do 25 set. (Páxinas 39-42).

Fiot en Ruta

> ENTRADAS: 5 €

L'Om Imprebis, Micomicón Teatro, Teatro Corsario e Teatro del Temple (11 out), Inda Pereda (11 out) e Isabel Risco (18 out).

Ciclo OTNI

> ABONOS: 15 €

Para asistir ás cinco funcións do OTNI. (Número limitado de bonos).

> ENTRADAS: 5 €

5 €: Carlota e Compañía (1 out), almealera (11 out), PSIRC (16 out), La Rueda Teatro Social (18 out), Olalla Hernández (25 out).

Rúa dos Contos

> ABONOS: 50 €

Para asistir a todas as funcións da RdC:

- Josito Porto (24 set)
 - Carles Sans (26 set)
 - Daniel Higiénico (26 set)
 - Sobria e Serena (27 set)
 - Carmen Conde (2 out)
 - Lúa Mosquetera (2 out)
 - Atenea García (3 out)
 - Raquel Nogueira e Iván Marcos (4 out)
 - Adrián do Regenco e Pablo Alvite (8 out)
 - El Famoso Trino (10 out)
 - Fábrica de Impro + DJ Maikel (11 out)
- (Número limitado de bonos).

> ENTRADAS: 5 € / 10 € / 15 €

5 €: Josito Porto (24 set), Daniel Higiénico (26 set), Carmen Conde (2 out), Lúa Mosquetera (2 out), Atenea García (3 out), Adrián do Regenco e Pablo Alvite (8 out), El Famoso Trino (10 out), Fábrica de Impro + DJ Maikel (11 out).

10 €: Sobria e Serena (27 set), Raquel Nogueira e Iván Marcos (4 out).

15 €: Carles Sans (26 set).

*** Os espectáculos non incluídos nesta relación** son de acceso gratuito. Recomendase a reserva nos casos indicados neste programa.

> PUNTOS E DATAS DE VENDA

Venda anticipada

www.ataquilla.com | www.fiot.gal
www.facebook.com/festivalFIOT

> ABONOS Programa de Sala

- SOCIOS AC TELÓN E APARTE: Do 14 ao 17 set.
- PÚBLICO EN XERAL: A partir do 18 set.

> ABONOS E ENTRADAS OTNI

- A partir do 18 set.

> ABONOS E ENTRADAS Rúa dos Contos

- A partir do 14 set

> ENTRADAS SOLTAS

(Programación Sala, OTNI, FIOT en Ruta, FIOTiño).
- Desde o 18 set ata o día antes de cada función.

> FUNCIÓNS EN LOCAIS DE HOSTALARÍA CON ENTRADA

- A partir do 14 set nos propios locais ou en www.ataquilla.com

Venda o día da función

Na billeteira habilitada no espazo da función **desde 90 minutos antes do seu inicio** (gastos de xestión incluídos).



- Prégase puntualidade. A partir do inicio da función, o abono ou a entrada non garantirá o acceso á sala e a organización poderá facer uso da localidade.
- A apertura de portas prevese para 15 minutos antes do inicio da función.
- Se por razóns de produción, tiveran que ser ocupadas algunhas localidades, a organización proporcionará a solución oportuna ao espectador afectado.
- As entradas ou abonos non poderán ser cambiados nin reembolsados, a excepción da cancelación do espectáculo.
- Co ánimo de preservar os dereitos dos artistas e de non perturbar o bo desenvolvemento da función, non se permite fotografar, filmar ou gravar no interior da sala, sen a autorización expresa da organización e do artista.
- Antes de entrar na sala, deberán desconectar os seus dispositivos electrónicos.

Sede do Festival:



Festival membro de:



Rúa do Pan, s/n | Carballo | T 981 70 43 00



COORDENADAS GPS:

Latitude 43.211702 | Lonxitude -8.695394

Residencia de Maiores de Carballo: Praza de Vigo, 11
Casino 1889: Rúa Vázquez de Parga, 1
Mesón do Pulpo: Avda. Fisterra, 23
O Patacón: Rúa Ourense, 19
Valle Inclán Café: Rúa Valle Inclán, 2
Café Colón: Rúa Colón, 7
A Reserva: Rúa Desiderio Varela, 7 baixo
La Bombonera: Rúa Vicente Risco, 13 baixo
Contorna do cemiterio de Bértoa: Lugar Fondal, 14
Centro social de Verdillo: A Garrida, 19. Verdillo
Centro social de Cances: Cances da Vila, s/n. Cances
Conserxaría Pazo da Cultura: Rúa do Pan, s/n
Pastelaría Zuccaro: Rúa Gran Vía, 46
Xardín Rosalía de Castro: Parque do Anllóns
Buy & Sell Segunda man: Rúa Estrela, 18, baixo
upa! Espazo barefoot: Praza do Concello, 5
Sweet Spirit Moda infantil: Rúa Valle Inclán, 14

O FIOT, UN FESTIVAL ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN CULTURAL TELÓN E APARTE E O CONCELLO DE CARBALLO

Dirección: Alberto Sueiro Pastoriza, presidente da AC Telón e Aparte
Concelleira de Cultura: Maruxa Suárez Coto
Dirección artística e coordinación: María del Carmen Castro Pomo
Adxunta á dirección artística e produción e formación de públicos: María José Martínez Veira
Administración e xestión: Yolanda Abelenda Pardiñas
Coordinación de actividades paralelas: Xiana Márquez Antelo
Rúa dos Contos: José Antonio Rodríguez Lista e Javier Varela Golán
Auxiliar de produción: Gema Moreira Vilanova
Apoio á elaboración de publicacións: Rebeca Blanco Quintela
Coordinación Certame Micro-escenas: Alba Bermúdez Iglesias
Coordinación de voluntariado: Nuria Cortés Bernárdez
Comunicación e prensa: The Office Comunicación
Imaxe FIOT 35: María Gómez Grandal
Deseño programa: Gend Estudio
Servizo técnico: Sonpress
Director técnico: Antonio Porteiro
Equipo mixto de interpretación de lingua de signos: Gema Santos (asesoría e interpretación), EnLinguaDeSignos e Lucía Marcos (interpretación) e Ruth Lovera (asesoría do signado)

AGRADECEMENTOS:

Voluntariado do FIOT, Brigada Municipal de Obras, Policía Local, Aula Municipal de Teatro, Centros educativos de Carballo e da comarca de Bergantiños, A.C. Arume de Verdillo, A.X. Arume de Verdillo, A.C. San Campio de Cances, Bodegas Carballo, Residencia de Maiores de Carballo, AFABER, Casino 1889, Mesón do Pulpo, O Patacón, Valle Inclán Café, Café Colón, A Reserva, La Bombonera, Pastelaría Zuccaro, Buy & Sell Segunda man, upa! Espazo barefoot, Sweet Spirit Moda infantil, Cadena SER-Radio Nordés, fotógrafos participantes no Zoom FIOT.

Venres 4 set

PRESENTACIÓN
Torta Torta
Unha señora orquestra
Pazo da Cultura
19.30 h | Entrada libre ata completar capacidade

Mércores 23 set

RÚA DOS CONTOS
Fran Rei
Hamelin
Residencia de Maiores
18.00 h | Entrada libre

Xoves 24 set

RÚA DOS CONTOS
Josito Porto
Laretadas
Mesón do Pulpo
21.00 h | 5 €

Venres 25 set

TEATRO DE RÚA
Spanish Circo
Fins al Cel (Ata o ceo)
19.30 h

Sábado 26 set

RÚA DOS CONTOS
Carles Sans
¡Por fin me voy!
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 15 €

RÚA DOS CONTOS
Daniel Higiénico
Cancionólogos
O Patacón
23.00 h | 5 €

Domingo 27 set

RÚA DOS CONTOS
Sobria e Serena
O chou
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 10 €

Xoves 1 out

OTNI
Carlota e Compañía
Ninguén tira fotos nos enterros
Pazo da Cultura
21.00 h | 5 €

Venres 2 out

TEATRO DE RÚA
Sue Moreno
5.0
Praza da Cruz Vermella
18.00 h

TEATRO DE RÚA
Zirko Txosko
Tavole
Praza do Concello
19.30 h

RÚA DOS CONTOS
Carmen Conde
O que non estaba escrito
Café Colón
21.00 h | 5 €

RÚA DOS CONTOS
Lúa Mosquera
Poesía acústica
Casino 1889
23.00 h | 5 €

Sábado 3 out

PROGRAMA DE SALA
Chévere
ICTUS (anatomía de "A derradeira leición" de Castela)
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 15 €

RÚA DOS CONTOS
Atenea García
As ben dadas
Salón Social Pazo da Cultura
23.00 h | 5 €

Domingo 4 out

RÚA DOS CONTOS
Raquel Nogueira e Iván Marcos
A historia vaxenial
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 5 €

Xoves 8 out

FIOTEEN
AsSircópatas
Oh! Onde deterse a mirar
Auditorio Pazo da Cultura
11.00 h

RÚA DOS CONTOS
Adrián do Regenco e Pablo Alvite
Pequenos pero faltóns
Valle Inclán Café
21.00 h | 5 €

Venres 9 out

TEATRO DE RÚA
Nacho Flores
Domte
Parque do Anllóns
19.30 h

PROGRAMA DE SALA
Companhia do Chapitô
Odisea
Auditorio Pazo da Cultura
21.00 h | 12 €

Sábado 10 out

MICRO-ESCENAS M²
Iván Davila
wOHrk
Conserxería Pazo da Cultura
Entrada gratuíta
Acceso limitado 12.00, 13.00, 17.30 e 18.30 h

MICRO-ESCENAS M²
Compañía Humana
A vinganza contra o Dr. Tirarrollas
Pastelería Zuccaro
Entrada gratuíta
Acceso limitado 12.00, 13.00, 17.30 e 18.30 h

PROGRAMA DE SALA
Producciones Teatrales Contemporáneas
Las gratitudes
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 15 €

RÚA DOS CONTOS
El Famoso Trino
El famoso Trino
La Bombonera
23.00 h | 5 €

Domingo 11 out

FIOT EN RUTA
L'Om Imprebís, Micomicón Teatro, Teatro Corsario e Teatro del Temple
Vidas enterradas
Bértoa, contorna do cemiterio 12.00 h | 5 €

FIOT EN RUTA
Inda Pereda
Lubbert
Centro Social de Cances
18.00 h | 5 €

OTNI
almealera
Yo nací en un surco de judías
Pazo da Cultura
20.00 h | 5 €

RÚA DOS CONTOS
Fábrica de Impro
O show
22.30 h
DJ Maikel
00.00 h
A Reserva
5 €

Luns 12 out

FIOTIÑO
AsSircópatas
Oh! Onde deterse a mirar
Auditorio Pazo da Cultura
18.00 h | 5 €

Mércores 14 out

FIOTEEN
Flyhard
Produccions
Caballito de mar
Pazo da Cultura
11.00 h

Xoves 15 out

OTNI
Álvaro Corral Cid
Asoballada por fentos
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | Acceso gratuíto

Venres 16 out

OTNI
PSIRC
Cosas pequenas
Pazo da Cultura
Entrada gratuíta
21.00 h | 5 €

Sábado 17 out

MICRO-ESCENAS M²
La Tercera
Fogar
Xardín Rosalía de Castro
Entrada gratuíta
Acceso limitado 12.00, 13.00, 17.30 e 18.30 h

MICRO-ESCENAS M²
Candil Teatro
A casa do avó
Buy & Sell Segunda man
Entrada gratuíta
Acceso limitado 12.00, 13.00, 17.30 e 18.30 h

PROGRAMA DE SALA
Teatro del Barrio
Libres!!!
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 15 €

Domingo 18 out

FIOT EN RUTA
Isabel Risco
As aventuras de Nabiza Girl: O estraño caso da cultura minguante
Centro Social de Verdillo
18.00 h | 5 €

OTNI
La Rueda Teatro Social
Doce metros cuadrados de piel (Seis miradas diversas sobre sexualidad)
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 5 €

Xoves 22 out

FIOTEEN
Mofa e Befa
A arte da guerra
Auditorio Pazo da Cultura
11.00 h

Venres 23 out

PROGRAMA DE SALA
Mofa e Befa
A arte da guerra
Auditorio Pazo da Cultura
21.00 h | 12 €

Sábado 24 out

MICRO-ESCENAS M²
Alicia López Méndez
A vergonza era verde e comeuna a vaca upa! Espazo barefoot
Entrada gratuíta
Acceso limitado 12.00, 13.00, 17.30 e 18.30 h

MICRO-ESCENAS M²
Aterradas
Planeta pop: a alien que se converteu en superestrela
Sweet Spirit Moda infantil
Entrada gratuíta
Acceso limitado 12.00, 13.00, 17.30 e 18.30 h

PROGRAMA DE SALA
Pecado de Hybris
Vendrán los alienígenas y tendrán tus ojos
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 12 €

Domingo 25 out

OTNI
Olalla Hernández
Solo quería bailar
Pazo da Cultura
20.00 h | 5 €

Venres 30 out

PROGRAMA DE SALA
Titzina
Diseción de la bondad en tres actos
Auditorio Pazo da Cultura
21.00 h | 12 €

Sábado 31 out

PROGRAMA DE SALA
Rafael Álvarez, El Brujo
La segunda venida de Cristo o el yoga de Jesús
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 15 €

COLASPO

ORGANIZAN:



PATROCINAN:



COLABORAN:

